

# PLAN DIXITAL

# CPR LOYOLA (Mugardos)

[Versión 1.0\_ xuño 2022]



# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD



## 1. INTRODUCCIÓN

### 1.1. *Datos básicos do centro*

O CPR Loyola está situado na Rúa Curros Enríquez, nº 8, (15620,) no concello de Mugar dos (A Coruña).

O correo electrónico é: [cpr.loyola@edu.xunta.es](mailto:cpr.loyola@edu.xunta.es)

A páxina web é: <https://www.cprloyola.com>

O CPR Loyola é un centro concertado que imparte as ensinanzas de Educación Infantil, dende 3 anos; Educación Primaria; Educación Secundaria e un Ciclo Formativo de Grao Medio de Xestión administrativa.

O número de alumnos matriculados no centro nas distintas etapas educativas é o seguinte:

CPR LOYOLA							
DISTRIBUCIÓN DO ALUMNADO							
EDUCACIÓN INFANTIL		EDUCACIÓN PRIMARIA		EDUCACIÓN SECUNDARIA		XESTIÓN ADMINISTRATIVA	
CURSO	Nº	CURSO	Nº	CURSO	Nº	CURSO	Nº
4º EI	6	1º EP	7	1º ESO	25	1º XA	10
5º EI	10	2º EP	8	2º ESO	20	2º XA	9
6º EI	10	3º EP	8	3º ESO	12		
		4º EP	13	4º ESO	17		
		5º EP	13				
		6º EP	16				
TOTAL EI	26	TOTAL EP	65	TOTAL ESO	74	TOTAL XA	19
TOTAL ALUMNADO 184							

En canto ao número de profesorado segundo as etapas, éste distribúese come segue:



### CPR LOYOLA

Nivel	Número
Educación Infantil	2
Educación Primaria	10
Educación Secundaria Obrigatoria	9
Ciclo Medio	2
TOTAL	23

## 1.2 Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo de centro

O Colexio Loyola foi fundado a principios da década dos “60” por Antonio Veiga Iglesias e Odilia Bouza Manso. Nesa época o centro comezou sendo privado e impartindo Primeira Ensinanza para continuar posteriormente con Educación Xeral Básica, Bacharelato e Formación Profesional na rama Administrativa.

A partir do ano 1982 o centro pasou a ser Concertado coa Administración Educativa no nivel de Educación Xeral Básica, cunha subvención do 50%. No ano 1992 o centro pasou a ser subvencionado na súa totalidade, evolucionando coas distintas leis educativas ata a actualidade.

Hoxe en día, o cpr Loyola ten en funcionamento dúas unidades de Educación Infantil (una simple e una mixta), seis unidades de Educación Primaria, catro de Educación Secundaria Obrigatoria e dúas de Ciclo Formativo de Grao Medio na rama de Xestión Administrativa (1º e 2º curso).

Na actualidade o Colexio segue xestionado pola mesma familia, sendo directora Dna. María Rocío Veiga Bouza.

- **Característica socioeconómicas e culturais do contexto do centro.**

O centro atópase no concello de Mugardos, na área de Ferrolterra. O territorio de influencia de Ferrol abrangue tres comarcas: a de Ferrol, a comarca do Eume e a de Ortegal.

Mugardos encádrase na comarca de Ferrol e linda ao sur e oeste co concello de Ares, ao leste co concello de Fene e ao norte coa Ría de Ferrol. Según “Ep Data”, axencia de datos de Europa Press, ten una poboación de 5.226 persoas en 2021, que vai decrecendo ao longo das décadas. En 1998 era de 6.110 persoas, dez anos despois, en 2008 pasou a 5.605 e segue reducíndose ata as cifras actuais.



Económicamente, Mugardos sempre dependeu da industria presente na zona, tendo moita importancia no seu día os asteleiros navais de Ferrol e Fene, así como as institución militares, sobre todo a Marina. Pero debido ás sucesivas reconversións navais que influiron negativamente en toda a comarca, o nivel socioeconómico da poboación é medio-baixo. O nivel cultural tamén é medio-baixo e aínda que as novas xeracións conseguen titularse en maior número a nivel universitario, principalmente en Ferrol, Coruña ou Santiago, abandonan a localidade pola falta de oportunidades.

As industrias de maior tamaño como Forestal del atlántico e Reganosa, discutidas por parte da poboación tampouco supuxeron un cambio significativo no nivel socioeconómico da poboación. Actualmente os ocupados traballan maioritariamente no sector servicios, na industria, na construción e en menor medida na pesca e agricultura.

A nivel de comunicacións, Mugardos está unida exclusivamente por carretera, xa que a comunicación por mar coa cidade de Ferrol desapareceu xa hai uns anos, quedando relegada a transporte de turistas nos meses de verán. “Unha vía rápida” une as aforas do pobo co polígono industrial de Vilar do Colo, pertencente aos concellos de Cabanas e Fene, onde existe unha entrada e saída da AP-9.

En canto á tipoloxía escolar, o alumnado procede na maior parte do propio concello, aínda que tamén hai un importante número do concello veciño de Ares, ata onde chega o transporte escolar.

A lingua de comunicación entre o alumnado é principalmente en castelán. Dende o colexio tentamos crear hábitos para normalizar o uso da lingua galega. Todas as comunicación do centro, tanto coas familias como con institucións oficiais fanse en lingua galega.

- ***Incardinación e contribución do PD ao Proxecto Educativo. Relación con outros Plans e proxectos do centro: traxectoria no ámbito das novas tecnoloxías, programas de innovación nos que participa***

Dende o centro sempre tentamos introducir as novas tecnoloxías como ferramenta de apoio no desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe nas distintas etapas educativas. No caso do ciclo medio de xestión administrativa, as novas tecnoloxías non son unicamente unha ferramenta de apoio senón que xa dende hai anos convertéronse na ferramenta de traballo diario nas dúas aulas informatizadas que dispoñemos para tal fin.

No resto das etapas, é verdade que imos con máis retraso pero levamos uns anos tentando mellorar, primeiramente coa adquisición de equipamentos propios como portátiles, ordenadores e proxectores cos que imos equipando as aulas, pero que aínda consideramos insuficientes.

A formación do profesorado aumentou por mor da pandemia e a obriga de responder ao desafío que supuxo, e mostrounos a todos o valor do uso da tecnoloxía.

Dende a dirección deuse o paso para cambiar a comunicación do centro coas familias, pasando a normalizar, tanto o equipo directivo como os titores e titoras o uso da ferramenta TokApp. Isto mellora a inmediatez e a sostibilidade pola eliminación do uso de circulares en papel.

A creación da páxina web e o uso de redes sociais posibilitounos amosar as actividades que realizamos no centro a toda a comunidade.

O desafío que temos é participar en programas relacionados coas novas tecnoloxías e a innovación nun marco que nos permita unir proxectos. A día de hoxe non temos aula dixital.

### • ***Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23.***

O Plan Dixital do centro vai suponer unha mellora, entre outras cousas, da competencia dixital do profesorado. Isto, por si mesmo, vai afectar e contribuir de maneira positiva na programación xeral anual. Do mesmo xeito contribuirá á formación do alumnado en habilidades dixitais como medio para levar a cabo diferentes proxectos colaborativos e interdisciplinares que se reflectirán nas programacións de aula.

## ***1.3 Breve xustificación do mesmo***

A contextualización normativa en relación co Plan Dixital do noso centro:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

## ***1.4 Proceso de elaboración***

- ***Descrición da organización e do proceso de elaboración do PD dentro do Equipo de Dinamización do Plan Dixital.***

O proceso de elaboración do Plan Dixital organizouse coa creación en primeira instancia do equipo de dinamización do plan. O coordinador participou en tódalas sesións formativas do Adix, e o algún membro do equipo tamén asistiu a algunha delas. O



coordinador encargouse de levar o peso do Plan, organizando reunións periódicas co resto do equipo dinamizador para discutir e implementar posición comúns.

Nas primeiras fases de elaboración, fixemos postas en común co resto do profesorado, en relación á elaboración de enquisas e análise de resultados, entre outras. Na parte final do curso, coincidindo coa elaboración de obxectivos foinos imposible diseñalos coa participación de todo o claustro. As peculiaridades deste curso en canto aos cambios polo Covid e as variacións pola nova lei de educación en canto a temporalidade de avaliacións, fixeron imposible coincidir e coordinar os tempos que requería e nos esixía a elaboración e finalización da redacción do Plan.

Non obstante, a posta en común e comprensión total do plan por parte de todo o profesorado, farase no inicio do vindeiro curso 2022-23.

## 2. SITUACIÓN DE PARTIDA

### 2.1 *Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais*

- Infraestrutura dixital do centro

O cpr Loyola conta actualmente con conectividade á rede por medio de fibra de 600 mb de velocidade proporcionada dende hai escasamente dous meses pola empresa “A túa xanela”. Non foi posible ter conexión por fibra ata este momento porque as empresas negábanse a traerla ata o edificio do Colexio. Durante toda esta cantidade de anos dispoñíamos de conexión mediante ADSL, que como se pode esperar, nos limitaba para levar a cabo simultaneamente máis de dúas actividades con necesidade de datos como por exemplo as audiovisuais. Estas limitacións provocaron un gran retraso na nosa dixitalización que estamos por fin empezando a subsanar agora.

O centro conta con conexións cableadas nos despachos de dirección e secretaría, así como no gabinete psicopedagóxico. Tamén dispoñemos de conexión por cable nas dúas aulas informatizadas que usan os dous cursos do ciclo de Xestión Administrativa. Estas aulas tamén se usan esporádicamente, cando o horario do ciclo o permite, por calquera outro curso das distintas etapas educativas.

Dispoñemos tamén de cinco puntos de amplificación de wifi, a cada un deles chega cable, para cubrir as necesidades de tódalas aulas: dous amplificadores na planta baixa, onde están Dirección, Profesorado, Ciclo Formativo, Secundaria e laboratorio. Dous amplificadores na primeira planta,





onde está Primaria, e un quinto amplificador que dá servizo ás aulas de infantil e salón de actos, situados nun edificio anexo.

En canto a equipos, en dirección hai un ordenador de sobremesa, dous portátiles, unha impresora e unha fotocopiadora. Nas dúas aulas do ciclo formativo, hai 10 ordenadores de sobremesa e un máis para cada profesor, ademais dos seus portátiles de uso particular. No resto das clases, en infantil, primaria e secundaria contamos con oito 8 portátiles máis que imos rotando segundo as necesidades.

Tanto nas clases do ciclo como nas de secundaria, así como en sexto de primaria e en tres aulas de infantil temos un proxector en cada aula. Faltan proxectores nos cinco cursos restantes de primaria, que equiparemos o vindeiro curso. Os proxectores teñen conexión por cable HDMI e ademais os das aulas de secundaria veñen equipados con wifi polo que permiten conexión dende dispositivos móbiles.

Con respecto á infraestrutura de voz, temos liña telefónica con tres termináis fixos e un inalámbrico. Ademais temos unha liña de móbil para facilitar as chamadas dos titores coas familias.

En canto á comunicación coas familias, utilizamos principalmente unha aplicación, chamada TokApp, na que os titores dan todo tipo de avisos e información de curto prazo, calificacións de exames, etc., e mediante a cal a dirección envía todo tipo de circulares.

Contamos asimesmo coa páxina web onde se recolle a información importante pero que queremos mellorar e manter actualizada con máis frecuencia. Usamos tamén Instagram, Youtube e sobre todo Facebook para plasmar en fotos ou vídeos as actividades e a publicidade do colexio.

O mantemento dos equipos do centro realizámolo con empresas externas e o equipo directivo é o encargado de facer as xestións correspondentes.



## 2.2 Fontes empregadas para a análise DAFO

Resumo das áreas do informe SELFIE de cada etapa educativa na seguinte táboa:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	2,4	2,5		2,1	
	Profesorado	3,3	2,8		2,6	
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2,3	2,2		2,7	
	Profesorado	2,8	2,3		2,1	
	Alumnado	2,4	2,9		2,8	
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	2,5	2,5		2,8	
	Profesorado	2,9	2,7		2,7	
	Alumnado	3,7	2,6		2,9	
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3,1	2,9		3,1	
	Profesorado	3,4	3,2		3	
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3,5	3,1		3,5	
	Profesorado	3,8	3,6		3,2	
	Alumnado		4,1		3,7	
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	2,5	2,5		2,6	
	Profesorado	3,1	2,9		2,9	
	Alumnado	2,8	3		3	
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2,3	2,4		2,5	
	Profesorado	2,8	2,5		2,6	
	Alumnado		2,5		3	
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	2,6	2,5		2,9	
	Profesorado	2,7	2,5		3	
	Alumnado	2,4	2,7		3,3	

### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	19	23	82,6%
PROVISIONAL			
INTERINO			
SUBSTITUTO			
DESPRAZADO			

### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro



Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
66,2	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

## 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	63,1	Explorador/a (A2)	79,2	Integrador/a (B1)
INFAN	35	Explorador/a (A2)	68,2	Integrador/a (B1)
PRIM	71,5	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)
CF	73,2	Integrador/a (B1)	80,3	Integrador/a (B1)

## 2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	5,3%
A2	9	47,4%
B1	5	26,3%
B2	4	21,1%
C1		
C2		
TOTAL	19	100%

## 2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS	FORTALEZAS	DEBILIDADES
----------	------------	-------------



CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<p>Dispoñemos de dispositivos dixitais propiedade do Centro</p> <p>Os alumnos traen dispositivos cando se ller require</p>	<p>Os equipamentos non están actualizados</p> <p>Os dispositivos dixitais non son suficientes</p> <p>A asistencia técnica é insuficiente</p> <p>Non existen sistemas de protección de datos</p> <p>Non hai plan de formación</p> <p>Non existe biblioteca en liña</p>
	PERSOAL DOCENTE	<p>Coñécense os dereitos de autor</p> <p>Hai suficiente búsqueda de recursos en liña</p> <p>Utilízanse recursos educativos abertos</p>	<p>Insuficiente participación en proxectos interdisciplinares</p> <p>Insuficiente creación de recursos dixitais</p> <p>Non se utilizan, apenas tecnoloxías para avaliar</p> <p>Algunhos profes temos competencias dixitais insuficientes</p>
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	<p>Participan máis cando usan tecnoloxías</p> <p>O alumnado non precisa empregar software de pago</p>	<p>Non usan tecnoloxía para traballar en grupo</p> <p>Non aprenden a crear contidos dixitais</p> <p>Non aprenden a resolver problemas técnicos</p>
	FAMILIAS		
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<p>Apoio para probar novas formas de ensino</p> <p>O centro comunica o seguemento académico por unha aplicación TokApp</p>	<p>Non hai estratexia dixital</p> <p>Non hai colaboración con outras entidades</p> <p>Non se fomentan as tecnoloxías para avaliar nin documentar aprendizaxe</p>



EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	A implantación do Plan Dixital vai resolver moitas das debilidades	Falta de tempo do profesorado para a formación  Pouca implantación da imaxe dixital do centro  Non nos dotan de conexión, nin dominio, nin equipos, nin de aula dixital  Non temos acceso a programas como edixgal, espazos maker, etc.
	LEXISLACIÓN	Situación laboral da plantilla estable para dar continuidade ao plan	
	CONTORNA		Disparidade de recursos das familias. Moitas con baixo nivel socioeconómico
	ANPA	Alto nivel de participación da Anpa en tódolos ámbitos	
	OUTRAS ENTIDADES		

### 3. PLAN DE ACCIÓN



### **3.1 Obxectivos, indicadores e acción**

Despois da realización do Selfie e o CDD, o equipo dinamizador do Pan Dixital analizou os resultados para ter unha visión real de onde partimos e tomar decisións con respecto a onde queremos ir tendo en conta as nosas posibilidades para elaborar obxectivos concretos, sinxelos (é o primeiro plan dixital), e conseguibles.

O noso contexto particular fai que partamos dun nivel baixo de dixitalización. Se ben é verdade que dende a pandemia, o profesorado empezou a empregar ferramentas dixitais no proceso de ensino-aprendizaxe, o que pretendemos é darlle un carácter organizado e coordinado en tódalas etapas educativas. A estruturación da formación do profesorado é outra das intencións que o Plan nos permitirá implantar. Con respecto ao alumnado, os obxectivos pasan por formalos progresivamente dende un nivel básico, tendo en conta as peculiaridades de cada alumno e grupo, e ir avanzando e mellorando as ferramentas que permitirán acadar melloras no seu desenvolvemento educativo e social.

Outro apartado que pretendemos mellorar son os procesos de xestión en Dirección, e a estratexia de comunicación, sendo a páxina web e outras ferramentas como as redes sociais, obxectivos a conquistar no plan de acción.

### **3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas**

Ao longo dos meses de elaboración deste plan dixital, unha das prioridades que aparece no selfie e dafo, era conseguir melloras na infraestrutura de datos, xa que non tiñamos conexión de fibra. Unha vez resolto este problema, xa non aparece como obxectivo no plan de acción polo que toca centrarse nas necesidades de equipos. Neste eido, é primordial actualizar o software dos equipos das dúas aulas dixitalizadas que usan a diario o alumnado do ciclo de xestión administrativa. Por outra banda, non menos importante é dotar de equipos a tódalas aulas que carecen deles, tando ordenadores como proxectores.

Estes aspectos farán posible levar a bo porto a implantación deste Plan Dixital.

## Táboas para cada obxectivo do Plan de Acción

“Área/s de mellora”: Infraestructuras e equipamento ( C )					
<b>OBXECTIVO 1 (1) :</b>	Dotar de equipos dixitais á biblioteca e ás aulas de Infantil e Primaria				<b>Acadado</b>
<b>RESPONSABLE:</b>	Coordinador das TIC				<b>Non acadado</b>
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Número de equipos (proxectores e ordenadores portátiles) en cada espazo (aulas e biblioteca)				
<b>Valor de partida (3)</b>	(3) ordenadores e (3) proxectores en 3 aulas de 9. Na biblioteca (1) proxector e (0) ordenadores				
<b>Valor previsto e data (4)</b>	1 portatil e 1 proxector en cada aula. Na biblioteca 1 proxector e 2 ordenadores			1/12/22	
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)
AO1.1: Presentar informe de necesidades de equipos dixitais ao equipo directivo	Equipo TIC	7/10/2022			Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.2: Solicitar axudas para a dotación tecnolóxica do centro	Equipo Directivo	28/10/2022			Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.3: Adquisición de equipos a empresa/s externa/s	Secretario do Centro	1/12/2022			Realizada
					Aprazada
					Pendente

"Áreas de mellora": Infraestructuras e equipamento ( C )							
<b>OBXECTIVO 2 (1) :</b>	Revisión, mellora e actualización dos equipos dixitais existentes no Ciclo de Xestión Administrativa					<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Coordinador das TIC					<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Porcentaxe de equipos do ciclo con hardware anterior a 2014 actualizados						
<b>Valor de partida (3)</b>	0% de equipos do ciclo con hardware anterior a 2014 actualizados						
<b>Valor previsto e data (4)</b>	75% dos equipos do ciclo con hardware anterior a 2014 actualizados					18/11/22	
ACCIÓN A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
AO 2.1: Coñecer as necesidades de cada equipo da aula do ciclo	Equipo TIC	30/9/2022			Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO 2.2: Solicitar e instalar hardware e actualizacións necesarias dos equipos máis obsoletos	Equipo TIC    Secretario do Centro	18/11/2022			Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

"Áreas de mellora": Liderado ( A )						
------------------------------------	--	--	--	--	--	--



<b>OBXECTIVO 3 (1) :</b>	Promover a comunicación entre os titores e as familias mediante o uso da ferramenta "TokApp School"		<b>Acadado</b>
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo Directivo		<b>Non acadado</b>
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Porcentaxe de titores que se comunican coas familias mediante a ferramenta "TokApp School"		
<b>Valor de partida (3)</b>	50% dos titores usan a ferramenta		
<b>Valor previsto e data (4)</b>	80% dos titores como uso habitual	27/5/23	

**ACCIÓN A DESENVOLVER**

DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO 3.1: Crear un grupo de traballo para formar e mentorizar o uso de TokApp	Equipo Directivo	7/10/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO 3.2: Fomentar a titorización entre iguais para formar as persoas titoras no uso de TokApp	Profesorado do grupo de traballo	16/12/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO 3.3: Potenciar o uso de TokApp mediante o envío de notificacións periódicas	Titores	20/6/2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Áreas de mellora”: Liderado ( A )

<b>OBXECTIVO 4 (1):</b>	Dixitalizar o rexistro horario dos/as traballadores/as do centro	<b>Acadado</b>
-------------------------	--	----------------

<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo Directivo		<b>Non acadado</b>
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Existencia dunha ferramenta dixital para a firma horaria diaria		
<b>Valor de partida (3)</b>	Inexistente		
<b>Valor previsto e data (4)</b>	1 ferramenta para firma horaria dixital dos/as traballadores/as	1/12/22	

**ACCÍONS A DESENVOLVER**

DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO 4.1: Analizar e escoller ferramentas dixitais de rexistro horario existentes no mercado	Equipo Directivo	7/10/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO 4.2: Buscar e solicitar axudas para a súa adquisición	Equipo Directivo	28/10/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO 4.3: Adquirir e implantar o uso do rexistro horario dixital	Equipo Directivo	1/12/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

<b>“Áreas de mellora”:</b>	Liderado ( A )	
<b>OBXECTIVO 5 (1):</b>	Mellorar a imaxe dixital e comunicación xeral do centro mediante a actualización e mellora da estrutura e contidos da páxina web e as redes sociais	<b>Acadado</b>
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo Directivo	<b>Non acadado</b>

<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Número de visitas á páxina web por categorías e mes. Control de métricas nas redes sociais		
<b>Valor de partida (3)</b>	Indefinido		
<b>Valor previsto e data (4)</b>	Por definir		29/5/23

**ACCIÓN A DESENVOLVER**

DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO 5.1: Aloxar na páxina web do Centro, documentación institucional actualizada	Equipo Directivo	29/5/2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO 5.2: Elaboración de recursos como presentación, vídeos, etc.	Equipo Directivo Tutores	29/5/2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO 5.3: Controlar métricas mensualmente	Equipo Directivo	20/6/2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

<b>“Área/s de mellora”:</b> Desenvolvemento Profesional Continuo ( D )			
<b>OBXECTIVO 6 (1):</b>	Mellorar a competencia dixital do profesorado atendendo ás peculiaridades de cada un		Acadado
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo Directivo		Non acadado

<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Porcentaxe de Profesores con competencia dixital A2 e B1					
<b>Valor de partida (3)</b>	47,4% de profesores con competencia dixital A2.		26,3% de profesores con competencia dixital B1			
<b>Valor previsto e data (4)</b>	100% de profesores con competencia dixital A2		50% de profesores con competencia dixital B1		26/5/2023	
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRIPCIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO 6.1: Coordinación e organización de formacións para o profesorado sobre ferramentas dixitais	Equipo Directivo	Curso 22-23			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO 6.2: Cumprimentar o test CDD para avaliar os avances	Equipo Directivo	26/5/2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": Competencias dixitais do alumnado ( H )						
<b>OBXECTIVO 7 (1) :</b>	Desenvolver proxectos colaborativos e interdisciplinares utilizando as TIC como medio para mellorar as competencias dixitais do alumnado empregando o entorno google e as súas ferrametas				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Titores				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Número de proxectos desenvolvidos en cada área empregando ferramentas de google					
<b>Valor de partida (3)</b>	0 proxectos por área empregando ferramentas de google					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	1 proxecto por área empregando ferramentas de google				29/5/23	

ACCIÓN A DESENVOLVER

DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO 7.1: Formar grupos de traballo de profesores e formarse entre iguais en habilidades básicas de google	Coordinador TIC	1/12/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO 7.2: Formar ao alumnado en habilidades básicas de google	Titores	24/2/2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO 7.3 Elaborar e avaliar proxectos	Titores	29/5/2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

(1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS “SMART”** (que queremos conseguir). Recomendase que estes obxectivos sexan:

- a. **Específicos (Specific)**, é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
- b. **Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
- c. **Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
- d. **Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;

e. **Definidos** no tempo (Time bound), isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

- (2) **INDICADOR: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e responder a escalas numéricas.
- (3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- (4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

#### ACCIONES A DESENVOLVER:

- (5) **DESCRIPCIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).
- (6) **RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (7) **DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalizaría a acción completamente.
- (8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
- (9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- (10) **ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

## 4. AVALIACIÓN DO PLAN

A avaliación procesual do plan será levada a cabo ao rematar cada trimestre do curso. Os aspectos que se valorarán serán:

- Estado de execución das accións
- Análise e valoración dos resultados
- Posibles modificacións das accións e propostas de mellora

Ao final de curso, o equipo de dinamización fará unha avaliación final onde se valorarán a consecución ou non dos obxectivos e se engadirán propostas de mellora. O informe resultante porase en común no claustro do profesorado para a súa retroalimentación e aprobación.

## 5. DIFUSIÓN DO PLAN

O Plan Dixital será publicado na páxina web do centro. Ademais enviarase unha pequena explicación do mesmo dando aviso da súa publicación ás familias polos medios de comunicación habituais do centro.